

Información segundo a modificación do Decreto 5/2007, do 25 de xaneiro (DOG núm. 20 do 29/01/2007).

Artigo 9º.-Baremo.

O baremo aplicable para a elaboración das listas para a cobertura de postos reservados a persoal funcionario e persoal laboral será o seguinte:

a) A suma das notas das probas superadas no último proceso selectivo da Xunta de Galicia para o grupo, escala, especialidade ou categoría na que se solicita a inscrición na lista ata a ponderación de 40 puntos segundo a seguinte fórmula: suma das notas obtidas nas probas do proceso selectivo multiplicado por 40 e dividido entre a suma das notas máximas posible das probas do proceso selectivo.

A puntuación desta epígrafe porase de oficio a cero con motivo da resolución dun novo proceso selectivo para o mesmo grupo, escala, especialidade ou categoría da lista na que se encontre inscrito a/o interesada/o, incluíndose, así mesmo, de oficio e, de ser o caso, a nova puntuación.

Entenderase resolto un proceso selectivo á publicación do resultado do acto de elección de destino do persoal de novo ingreso.

b) Por cada mes completo de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría, corpo ou escala: 0,25 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

c) Por cada chamamento pola mesma lista, aceptado e rematado sen renuncia ao desempeño do posto: 0,2 puntos, ata un máximo de 3 puntos. Só se terán en conta os chamamentos atendidos polas novas listas elaboradas a raíz da entrada en vigor deste decreto.

En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior.

Artigo 10º.-Desempate.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino, cando na categoría, corpo ou escala se dean as condicións de infrarrepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

2. Puntuación pola orde das letras do baremo.

3. Solicitante de maior idade.

4. Pola letra vixente no resultado do sorteo para participar en procesos selectivos do ano natural anterior, que se aplicará coa actualización de méritos.